

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de marzo de 2011**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Eudósio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.10 horas do día 7 de marzo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(258).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 21 e 25 de febreiro. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(259).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2011.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Animación Sociocultural, do 22.02.2011, conformado polo concelleiro da área de Cultura e Animación Sociocultural, co informe do letrado asesor do 24.02.2011, e co informe da xefa de Fiscalización do 1.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Que se aprobe o convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación veciñal e cultural Casco Vello para a organización dos actos da Reconquista 2011.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 55.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Asociación veciñal e cultural Casco Vello (CIF G-36.645.885), con cargo á partida presupostaria 3380.227.9904 (Convenio Reconquista) do programa presupostario de Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

3º.- Que se realice un primeiro pagamento a conta polo 50% do importe do convenio (27.500,00 euros).

4º.- Que os pagamentos se realicen a través da conta de habilitación ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL (2080.0000.77.0040277241).

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DA RECONQUISTA 2011.

Vigo,

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. XESÚS LÓPEZ CARREIRA, CONCELLEIRO DELEGADO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. CÁNDIDO PÉREZ BETANZOS, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN VECINAL Y CULTURAL CASCO VELLO DE VIGO, CIF G-36645885, con domicilio na cidade de Vigo, rúa Oliva, 12 - 36202 Vigo; no sucesivo A ENTIDADE.

#### **MANIFESTAN**

1. Que a Concellería de Animación sociocultural ten como un dos seus principais obxectivos a dinamización sociocultural dos distintos barrios, como elemento clave para a participación das súas veciñas e veciños, e en especial naquelas celebracións relevantes para toda a cidade como é a Reconquista de Vigo, o 28 de marzo.

2. Que a celebración da Reconquista supón unha importante labor de revitalización do barrio histórico da cidade, mediante a organización de diferentes actividades lúdicas cunha notábel participación da cidadanía e converténdose nun acto de referencia no calendario cultural municipal.

3. Que ambas as partes desexan establecer un marco de colaboración económico e organizativo para a celebración da *RECONQUISTA 2011*, a través de actividades nas que toda a sociedade viguesa teña a oportunidade de participar, xa que na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei

7/1985, reguladora de bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeira.-** O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da **RECONQUISTA 2011** que incluírá as actividades que figuran no Anexo ó convenio e que perseguen como principais fins:

- Dar a coñecer parte da historia da cidade de Vigo.
- Fomentar a participación das xentes dunha forma lúdica.
- Dinamizar cultural e socialmente o barrio.
- Recoñecer o Casco Vello como alternativa cultural e de ocio.

**Segunda.-** O presuposto total das actividades obxecto do convenio ascende a 55.000,00 euros, con todos os conceptos e impostos incluídos, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE (Anexo ó convenio), e que se financiarán con cargo ós créditos asignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación sociocultural.

**Terceira.-** As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

1. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.
2. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións de carácter non municipal necesarios para a súa realización.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor, de ser o caso, que se xeren pola programación que figura neste convenio.
5. Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Animación sociocultural; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, Concellería de Animación sociocultural. Ademais, a ENTIDADE terá que facer mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.
6. Presentar, a través do Rexistro Xeral, memoria xustificativa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, que conterá como mínimo os seguintes elementos:
  - a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

7. Todo o material elaborado con cargo ó presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2011 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado (en perfecto estado de conservación e limpeza) nun lugar a determinar pola Concellería de Animación sociocultural.
8. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.
9. A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

**Cuarta.-** As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

**Quinta.-** O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (55.000,00 euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080.0045.93.0040010217, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE, segundo o seguinte:

Un primeiro pagamento á conta por importe de 27.500,00 euros, antes do día 28 de marzo.

Un segundo e último pagamento por importe de 27.500,00 euros, para o que A ENTIDADE presentará a través do Rexistro Xeral solicitude de pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos trinta días seguintes á finalización da

programación. O pagamento realizarase previa certificación do persoal técnico do servizo de Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

**Sexta.-** O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, presidida polo concelleiro de Animación sociocultural, e composta por dous membros designados polo Concello de Vigo e un pola Asociación Veciñal e cultural Casco Vello; como secretario actuará un técnico do Concello.

**Sétima-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e da ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Oitava-** O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

**Novena.-** Este convenio terá carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas propias cláusulas e no non previsto estarase á regulación da Lei de contratos das administracións públicas para o contrato de servizos.

**Décima.-** O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

#### **Anexo I**

#### **PROGRAMA RECONQUISTA 2011**

Actividades previas: Obradoiros de costura tradicional, bandeiras, atrezzo e Comisións de escenografía e vestuario.

Do 3 de marzo ao 6 de abril: Exposición de roupa tradicional – *Casa Galega da Cultura*

Sábado, 26 de marzo

Representación teatral da Reconquista

*Praza da Pedra:* Rendición da vila e destitución por parte do Pobo do Alcalde e o Gobernador Militar pondo á fonte da cidade a Vázquez Varela

Domingo, 27 de marzo

Representación teatral da Reconquista

*Porta do Sol:* Tomada do exército francés; estratexias do pobo para defensa (milicias e alarmas de San Antoíño, Fragoso e Pontesampaio); Roubo de armas; Negación de alimentos ós soldados; Arenga de Aurora ás mulleres da Vila; Altercado na taberna de Xosefa do Rial; Expulsión dos franceses da praza, coa entrada en escena de Carolo, Cachamuíña, Almeida, Frai André, Abade de Valadares, etc.

*Porta da Gamboa:* Derribo da porta; Batalla na dársena da Laxe; Rendición do exército francés.

Bailes de confraternización; Lectura da declaración de Cidade Fiel, Leal e Valerosa.

Os días 26 e 27 de marzo haberá igualmente:

- Mercado tradicional con demostración de oficios tradicionais;
- Animacións e grupos de música por rúas e prazas do Casco Vello;
- Concerto de música folc tradicional

## Anexo II

### PRESUPOSTO RECONQUISTA 2011

Concepto	Contía
Attrezzo	10.000,00
Animación	20.000,00
Demostración de oficios	5.000,00
Concurso de carteis	1.500,00
Equipo de traballo	4.000,00
Son	8.500,00
Varios	6.000,00
Total	55.000,00

### **3(260).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

**A)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 532/2010 P.A. DEMANDANTE: D. DAVID RIVERA GONZÁLEZ. OBXECTO: DESPRENDEMENTO DE FRAGMENTOS DA PONTE DA AV. DE MADRID. DECLARA REMATADO O PROCEDEMENTO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL. EXPTE. 6358/111.**

**B)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 498/2010 P.A. DEMANDANTE: D. MARÍN RIAL EIRAS. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. DECLARA REMATADO O PROCEDEMENTO POR RECOÑECIMENTO EN VÍA ADMINISTRATIVAS. EXPTE. 6351/111.**

**C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 525/2010 P.A. DEMANDANTE: D. CARLOS FREIRE ESTÉVEZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTA SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6361/111.**

**D)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 286/2010 P.A. DEMANDANTE: D. AFONSO GUEDELLA VILLAR.**

**OBXECTO: SANCIÓN POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. SENTENZA, FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6231/111.**

**E)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 133/2010 P.O. DEMANDANTE: Dª MARIA DEL CARMEN ANTELO MIRANDA. OBXECTO: CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA, FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5962/111.**

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

**4(261).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD-HOGAR SAN JOSÉ”, PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE, PROPORCIONÁNDOLLES ALIMENTOS PRINCIPALMENTE. EXPTE. 59236/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 12.01.2011, conformado pola concelleira da área de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 17.02.2011, e co informe da xefa de Fiscalización do 1.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º.- Aproba-la concesión dunha subvención directa á Fundación Casa de Caridad -Hogar San José por un importe total de 46.000 euros, con cargo á partida 2310.4890005 –Covenio Comedor da Esperanza-.

2º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade “Fundación Casa de Caridad -Hogar San José-”, colaboradora co Departamento de Benestar Social, para a atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos principalmente.

3º.- Aprobar o gasto total de 46.000 euros a favor da Casa de Caridad –Hogar San José-, CIF G36626174, con cargo á partida 2310.4980005 –Convenio Comedor Esperanza-, correspondendo a cantidade de 23.000 euros ao orzamento de 2011, e 23.000 euros ao orzamento de 2012, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Casa de Caridad –Hogar San José- no orzamento de dito ano.

**CONVENIO DE COLABORACION COA FUNDACION “CASA DE CARIDAD DE VIGO-HOGAR SAN JOSÉ”**

Vigo, de de 2011

**R E U N I D O S**

Dunha parte Dª Maria Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre

S.ord. 7.03.2011

Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte, D<sup>a</sup> María Angeles Oviedo Vidal, dni. 10169182P, en representación da Fundación Casa de Caridad de Vigo-Hogar San José, en diante Casa de Caridad, NIF G36626174, con enderezo a efectos de notificación na Rúa San Francisco nº 69 de esta cidade.

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

**I-** Que Casa de Caridad ten entre os seus obxectivos a atención e promoción de persoas en desvantaxe social dende o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. A Casa de Caridad” adócase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este. O Comedor de la Esperanza dependente da Casa de Caridad constitúe un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria desta cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade dende hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

**II-** O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas. Este recurso é un complemento dos recursos propios de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto.1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da



súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

**III-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento dun comedor social e unha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención e promoción de persoas en desvantaxe social.

**IV-** Que a entidade Casa de Caridad non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a actividade da Casa de Caridad, o Concello de Vigo e a dita entidade convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base os seguintes:

### **PACTOS**

Primeiro.-

A entidade Casa de Caridad comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a atención das persoas en risco de exclusión ou situación de emerxencia social e, concretamente a:

1º- A xestionar o funcionamento dun comedor social e unha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en risco de exclusión social con necesidades de manutención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello. Ó comedor poden acudir as persoas directamente ou derivados polos servizos sociais de atención primaria do Concello

2º- A ofrecer a traveso dos citados equipamentos un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidade de alimentación e un servizo de duchas e roupeiro que cubra as necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado que poidan presentar as persoas usuarias. Ó longo do ano realizarán unha actividade convivencial de un día de duración, fora do concello para o que utilizarán un medio de transporte.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **Segundo.-**

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Casa de Caridad dunha subvención para o exercicio 2011 por importe de 23.000 euros co obxecto da atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este. Este contrato estará suxeito a lexislación vixente sen que en ningún caso, supoña unha relación laboral co Concello de Vigo. Para o ano 2012, o importe da subvención a conceder será de 23.000 euros.

## **Terceiro.-**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

## **Cuarto.-**

Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2012.

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 46.000 euros, dos cales 23.000 euros irán con cargo ao orzamento de 2011, e 23.000 con cargo ao orzamento de 2012.

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2011 e 2012, efectuaranse do seguinte xeito:

1. No ano 2011, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2012, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria

anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

**Quinto.-**

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-**

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.

**Sétimo.-**

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Casa de Caridad e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

**Oitavo.-**

Para a xustificación do ano 2011, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2012 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2012, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2013. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

–Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas

1. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

–Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

–Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cotas da Seguridade Social.

–Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

–Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

#### **Noveno.-**

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

#### **Décimo.-**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2011 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2012 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro de ese ano.

#### **Décimo primeiro.-**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **Décimo segundo.-**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **Décimo terceiro.-**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

#### **Décimo cuarto.-**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **Décimo quinto.-**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

#### **Décimo sexto.-**

Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Casa de Caridad poderá ter algunha ampliación nos contidos do seu obxecto a proposta dos asinantes a través da comisión de seguimento.

No caso de que supoña aumento da cantidade anual subvencionada deberá facerse constar nunha addenda que respectará os contidos fundamentais recollidos no presente convenio e aprobarase polo órgano competente, previo informe favorable dos/as técnicos/as municipais responsables do programa e pola intervención xeral cara a verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente.

#### **Décimo sétimo.-**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento

**5(262).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO, PARA POÑER A DISPOSICIÓN DAS PERSOAS XORDAS UN INTÉRPRETE DE INGUA DE SIGNOS. EXPTE. 59260/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 17.01.2011, conformado pola concelleira da área de Benestar Social, co informe do letrado asesor do 17.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 1.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobala concesión dunha subvención directa a Asociación de Persoas Xordas de Vigo, CIF G-36.622.835, por un importe total de 40.000 euros, con cargo á partida 2310.4890002 -convenio programa xordos-.
- 2.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa Asociación de Persoas Xordas de Vigo, entidade colaboradora co departamento de benestar social, para poñer á disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos.
- 3.- Aprobar o gasto por un importe total de 40.000€ euros, a favor da Asociación de Persoas Xordas de Vigo, cif. G36622835, con cargo á partida 2310.4890002 -Covenio programa xordos-, correspondendo a cantidade de 20.000 euros ao orzamento de 2011 e 20.000 euros ao orzamento de 2012, condicionado á existencia de crédito adecuado, suficiente e nominativo a favor da Asociación de Xordos de Vigo no orzamento de dito ano.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO

Vigo, de de 2011

**REUNIDOS**

Dunha parte D<sup>a</sup> Maria Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.

Doutra parte, D. Miguel Ángel González Lloves, con DNI.:36.024.981-N, en calidade de Presidente da Asociación de Persoas Xordas de Vigo NIF G36622835, con enderezo a efectos de notificación en R/ Gregorio Espino, 38, entrechán, de Vigo. e en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I- Que a Asociación de Persoas Xordas de Vigo ten, entre os seus fins, e así o reflicten os seus estatutos, “traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a lingua de signos e impulsar a súa investigación e difusión”; “fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación

das barreiras de comunicación ...”, así como “potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social e velar pola adecuada formación das persoas intérpretes”.

Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas.

**II-** O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 di que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto.1 di: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 di : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación. Así mesmo no Capítulo IV do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei de accesibilidade (Decreto 35/2000), no seu art. 54 faise referencia ós criterios de accesibilidade na comunicación que se establecen e que aparecen citados na base 7 do código de accesibilidade (anexo I do citado regulamento).

O mesmo artigo 29.2 da citada Lei 8/97, dispón que as administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

Que os Concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, ou no artigo 21 da Lei Galega de Servizos Sociais, teñen competencias nesta materia e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.

Así no Concello de Vigo creouse o Gabinete de Accesibilidade como órgano consultivo encargado de garantir o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas no concello, propoñer a introdución das melloras que sexan necesarias en cada momento, declarar de se-lo caso a imposibilidade da observancia dalgún dos criterios básicos previstos na mesma e, en xeral, cantas outras incidan directa ou indirectamente na materia obxecto de regulación municipal. Así mesmo, dentro dos seus obxectivos está o de iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.

Que baseándose na antedita normativa, o Concello de Vigo quere realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade na calidade de vida das persoas xordas con respecto ao resto dos cidadáns vigueses.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

**III-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a tódolos discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos.

**IV-** Que a Asociación de Persoas Xordas de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a actividade da Asociación de Persoas Xordas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base os seguintes:

## **P A C T O S**

### **Primeiro.-**



A entidade Asociación de persoas xordas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, e concretamente a:

1.- A posta a disposición dos discapacitados auditivos do municipio de Vigo dun intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos tales como reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos, estes últimos organizados polo Concello de Vigo e/ou a Asociación de Persoas Xordas.

2.- A contratación dos servizos dos profesionais intérpretes da lingua de signos, a organización e planificación do traballo que vai desempeñar, así como a avaliación e cantas outras acción sexan precisas para a realización desta actividade.

3.- A que os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos se desenvolvan seguindo o sistema de “chamada previa”, é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete, deberán chamar con antelación á Asociación de Persoas Xordas de Vigo comunicando os datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo. Deberá terse en conta que non tódalas demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en canto o horario se refire, xa que a unha hora determinada pode encontrarse o intérprete realizando outro servizo. Cando se trate de conferencias, relatorios ou similares, a organización do evento, respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir. O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Persoas Xordas como mellor conveña para os intereses das persoas que requiran o servizo.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.

O servizo será totalmente gratuíto para os usuarios do mesmo.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarios das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Segundo.-**

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á Asociación de persoas xordas de Vigo unha subvención para o exercicio 2011 por importe de 20.000 euros co obxecto da posta a disposición dos discapacitados auditivos do municipio de Vigo dun intérprete da lingua de signos. Estes contratos estarán suxeitos á lexislación vixente sen que en ningún caso, supoña unha relación laboral co Concello de Vigo. Para o exercicio 2012, o importe da subvención a conceder será de 20.000 euros.

### **Terceiro.-**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### **Cuarto.-**

Co amparo legal do artigo 31 punto 2 da Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, a vixencia do presente convenio será plurianual, con una duración de dous anos: dende a aprobación do mesmo ata o 31 de decembro do ano 2012.

Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade total de 40.000 euros, dos cales 20.000 euros irán con cargo ao orzamento de 2011, e 20.000 con cargo ao orzamento de 2012.

Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio, 2011 e 2012, efectuaranse do seguinte xeito:

- 1.No ano 2011, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2012, o 50% da cantidade anual, nos tres primeiros meses do ano. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- 2.O 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro de cada un dos anos, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

#### **Quinto.-**

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

#### **Sexto.-**

O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade e información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio

**Sétimo.-**

Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

- Pola Asociación de Persoas Xordas de Vigo:

◆ Miguel Ángel González Lloves  
Presidente da Asociación de Persoas Xordas

–M<sup>a</sup> Carmen González Lloves  
Técnica da Asociación de Persoas Xordas

- Polo Concello de Vigo:

–A Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social., ou persoa en quen delegue

2. Unha técnica do departamento de Benestar Social encargada do programa.

**Oitavo.-**

A Asociación de persoas xordas de Vigo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello

**Noveno.-**

Para a xustificación do ano 2011, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2012 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. Para o ano 2012, a xustificación deberá realizarse ata o 31 de xaneiro do ano 2013. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

➤ Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas

➤ Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:

3. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.

4. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das coutas da Seguridade Social.
5. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
6. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

#### **Décimo.-**

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

#### **Décimo primeiro.-**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2011 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2012 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro dese ano.

#### **Décimo segundo.-**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social. O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu

caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-**

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.-**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.

**Décimo sétimo.-**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

**6(263).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLO SERVIZO PRESTADO POLA EMPRESA SAMYL S.L. NO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 9279/255.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Administración Especial, do 18.02.2011, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e co informe do Interventor Xeral de 28.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobala indemnización substitutiva a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” (SAMYL S.L.) polo importe de **16.456,85 euros**, co IVE engadido, como pago da factura polo servizo de limpeza, acondicionamento, e mantemento integral dos cemiterios municipais do pasado mes de xaneiro, con cargo á **partida orzamentaria 1640.2279900** do exercicio vixente.

**7(264).- ABONO COTAS COMUNIDADE ROSALÍA DE CASTRO, 41-3. EXPTE. 19110/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Especial, do 15.02.2011, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 25.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios do inmovible situado na rúa Rosalía de Castro 41-z, a cantidade de 896,45 euros, en concepto de cotas de Comunidade de abril de 2009 ata decembro de 2010, pola propiedade do baixo deste Concello en dito inmovible.

A cta. de abono, segundo datos facilitados pola Comunidade é a 2100-4257-97-2200039476.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto

**8(265).- ABONO COTAS COMUNIDADE DE VIVENDAS RÚA ANDURIÑA, 21. EXPTE. 19126/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Especial, do 9.02.2011, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 24.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Anduriña, nº 27 , en concepto de cotas de Comunidade correspondentes o Concello de Vigo, pola propiedade de catro vivendas en dito inmovible, correspondentes o período xaneiro de 2010 a decembro de 2011, a cantidade de 900,00 euros.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto

**9(266).- ABONO DE COTAS COMUNIDADE GARAXES RÚA ANDURIÑA, 21. EXPTE. 19107/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Especial, do 15.02.2011, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 24.02.2011, conformado polo Interventor Xeral en data 28.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa anduriña nº 21, Bloques 2 e 4, en concepto de pago de cotas de Comunidade correspondentes o Concello de Vigo , pola propiedade das parazas de garaxe relacionadas na parte expositiva de dito acordo, correspondente a anualidade 2011 a cantidade de 480 euros.

Dito importe será abonado na conta bancaria nº 2080 0141 45 0000025060.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto

**10(267).- CORRECCIÓN DE ERRO DO ACORDO DA XGL DE 14.02.2011, ONDE NO APARTADO 1º DO ACORDO, FAI REFERENCIA AO APARCADOIRO POLICARPO SANZ SENDO O DE PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 3390/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, director dos servizos técnicos, do 24.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar o **Proxecto Definitivo “Estado de Medicións e Características da Obra Executada” e Anexos** do aparcamento en concesión de Pintor Colmeiro, redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, visados polo COAG ó 14/12/2010 e ó 12/11/2010.

**11(268).- ADXUDICACIÓN DE VARIOS LOTES PARA CHATARRA. EXPTE. 3447/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 23.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-“Allear a DESGUACES PEINADOR:

- A furgoneta con matrícula PO 4620 AD por un prezo de 100 € (IVE incluído) (expediente 3453-241).
- A motocicleta con matrícula PO 3008 BM por un prezo de 40 € (IVE incluído)(expediente 3453-241).
- Retales de cable de cobre illado, nos que está incluído o illamento, cun peso total estimado de 500 Kg por un prezo de 3 €/kg (IVE incluído)(expediente 3453-241).

2º.-Allear a DESGUACES MINGOS:

- O lote de 115 vehículos para chatarra (expedientes 3447-241, 3485-241 e 3525-241), por un prezo de 14.670 € (IVE incluído).
- Retales de cable de aluminio cun peso total estimado de 1.000 Kg por un prezo de 0,60 €/kg (IVE incluído)(expediente 3453-241).
- Chatarra de ferro cun peso total estimado de 20.000 Kg por un prezo de 0,20 €/kg (IVE incluído)(expediente 3453-241)”.

**12(269).- 2ª PRORROGA MANTEMENTO ASCENSORES CASA DO CONCELLO. EXPTE. 785/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 17.02.2011, conformado pola concelleira da área de Servizos Xerais, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 23.02.2011, conformado polo Interventor Xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

Autoriza-la prorroga para o período comprendido entre o 01-05-2011 ó 30-04-2012 do contrato para a prestación dos servizos de mantemento integral de dous ascensores instalados na Casa do Concello de Vigo do que é actual contratista Schindler, S.A.

O importe da prorroga será de 10.630,15 euros, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 9220.227.99.00 de acordo coa seguinte distribución: 7.086,77 euros no ano 2011 e 3.543,38 euros no ano 2012.

**13(270).- PRÓRROGA PARA O PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA. EXPTE. 11485/332.**



Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 15.02.2011, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 23.02.2011, conformado polo Interventor Xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autoriza-la prorroga para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2011 e o 30 de setembro de 2012 do contrato para a execución da ampliación do programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILIVIGO), adxudicado á empresa Newlink McKinney Pascual, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local o 2 de agosto de 2010.”

O importe da prorroga será de 297.500 euros, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 3210. 2279917 do presuposto do ano 2011.”

**14(271).- PRÓRROGA PROGRAMA DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA. EXPTE. 10410/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 15.02.2011, e co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 23.02.2011, conformado polo Interventor Xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autoriza-la prorroga para o período comprendido entre o 1 de setembro de 2011 e o 31 de agosto de 2012 do contrato para a execución do programa de Inmersión en Língua Inglesa (PILIVIGO), adxudicado á empresa Newlink McKinney Pascual, S.L. Por acordo da Xunta de Goberno Local o 13 de xullo de 2009.

O importe da prorroga será de 297.500 euros, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 3210. 2279917 do presuposto do ano 2011.”

**15(272).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA RENTING DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA. EXPTE. 34411/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 3.03.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- Finanzia Autorenting, S.A. 74,04 puntos.

Segundo.- Requerir á empresa clasificada en primeiro lugar Finanzia Autorenting, S.A. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

#### **16(273).- NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2011-2012. EXPTE. 12535/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 2.03.2011, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Aprobar as Normas para a adxudicación de prazas nas Escolas infantís municipais 0-3 (EIM) para o curso 2011/2012, conforme ao texto que se inclúe no expediente.
2. Facultar á concelleira delegada de Educación para que realice a convocatoria de presentación de solicitudes para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2011-2012, de acordo co calendario previsto nas Normas citadas.

#### **NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS 0-3 (EIM) PARA O CURSO 2011-2012**

##### **PRIMEIRA.- Obxecto**

Estas normas teñen por obxecto regular o procedemento de adxudicación de prazas nas Escolas Infantís Municipais 0-3 (EIM) dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo para o curso 2011/2012 e establecer a convocatoria e calendario de solicitude.

##### **SEGUNDA.- Requisitos para ser adxudicatario**

Serán requisitos imprescindibles para ser adxudicatarios de prazas nas EIM:

1. Que o neno/a teña a súa residencia en Vigo e teña nacido no momento de presentar a solicitude
2. Idade do neno/a
  - Ter unha idade mínima de tres meses na data de ingreso
  - Non ter cumpridos 3 anos o 31 de decembro de 2011

3. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

### **TERCEIRA.- Criterios de prioridade para a adxudicación de prazas**

As prazas adxudicaranse por esta orde:

- A) Reserva de praza  
Teñen preferencia as reservas de praza de nenos/as matriculados/as no curso 2010/201, sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas Normas e soliciten a reserva na mesma quenda.
- B) Novo ingreso  
Poderase solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas adxudicaranse por esta orde:

1. Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na Escola Infantil Municipal na que solicitan praza e sexan nai, pai, titora ou titor legal.
  2. Os/as irmáns/ás de alumno/a con praza renovada na EIM para o que solicitan praza
  3. As prazas que queden vacantes adxudicaranse ós/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figura no Anexo I destas Normas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.
- C) Solicitudes fóra de prazo  
Unha vez rematado o prazo de matrícula e asignadas as vacantes, de xeito extraordinario o período de solicitudes permanecerá aberto a partir do mes de setembro no caso de existiren prazas vacantes e non existir lista de reserva para a quenda solicitada.

### **CUARTA.- Horario e calendario das EIM**

#### 1. HORARIO

As EIM dispoñen dun horario continuo de 07.30 h a 20.00 h, dende o mes de setembro ata o mes de xullo, ambos inclusive.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase un horario de permanencia das cativas e cativos na escola:

- ◆ Permanecerase na escola un mínimo de 4 horas e un máximo de 8 horas.
- ◆ En casos extraordinarios o horario ampliarase ou reducirase, trala valoración técnica das circunstancias das e dos menores.

As/os usuarias/os dentro do horario de apertura do centro terán que optar polos seguintes quendas tendo en conta as horas máximas e mínimas permitidas:

QUENDA	Mañá	Tarde
HORARIO	07:30 a 15:45 h.	16:00 a 20:00 h.

Para posibilitar a boa marcha das escolas:

- ◆ A entrada pola mañá realizarase entre as 07.30 e as 09.00 horas.
- ◆ A entrada pola tarde será as 16.00 horas.

- ◆ A saída do centro será entre as 15'30 e as 15'45 horas.
- ◆ A quenda de mañá inclúe o servizo de comedor e a quenda de tarde o servizo de merenda

## 2. CALENDARIO

Os centros permanecerán abertos de luns a venres, excluídos os días considerados festivos no calendario laboral, así como o Día do Ensino previsto no calendario oficial da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

O curso escolar comezará o día 06 de setembro de 2011, agás no caso das novas Escolas "Tomás Alonso" e "Bouzas", cuxo comezo do curso queda condicionado á resolución do expediente de autorización de inicio de actividade por parte da Xunta de Galicia e do expediente de contratación da xestión e funcionamento das mesmas. Estímase que, en función da duración habitual destes procedementos, poderán iniciar a súa actividade antes da finalización do ano 2011.

As/os usuarias/os poderán asistir ao centro --coa excepción indicada no parágrafo anterior-- un máximo de 11 meses dentro do período de setembro de 2011 a 31 de xullo de 2012.

### QUINTA.-Prestacións

A matriculación e tarifas inclúen en todos os casos os seguros obrigatorios, servizo de comedor e de orientación.

### SEXTA.- Prezos

1. Os prezos que deberán pagar os/as usuarias/os son os establecidos na Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo das Escolas de primeira etapa de Educación infantil (Ordenanza nº 23 ano 2011), coas exencións e bonificacións nela contidas. Estas son, para o ano 2011 as seguintes:

<b>Renda per cápita mensual</b>	<b>Matrícula</b>	<b>Mensualidade</b>
Ata 295,00 €	Exento	Exento
Ata 453,91 € familias numerosas	Exento	Exento
Entre 295,01 e 320,00€	24,8	24,8
Entre 320,01 e 391,00€	49,6	49,6
Entre 391,01 e 461,00€	74,4	74,4
Entre 461,01 e 534,00€	99,2	99,2
Maior de 534,01 €	124	124

Terá unha bonificación do 35% no importe das taxas o alumnado que só poida ser admitido polo Concello de Vigo en horario reducido e diferente do solicitado. Esta bonificación aplicarase durante o tempo no que persista esta situación excepcional.

Cando exista modificación da situación laboral dalgún dos pais ou titores respecto á existente do ano 2009, se xustificarán os ingresos actuais dos membros da unidade familiar coa última nómina ou documento que acredite os ingresos da nova situación.

As familias que non aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles, se é o caso, a cota máxima en concepto de matrícula.

2. A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento do prezo establecido coas seguintes excepcións:
  - a) Cando a/o nena/o por motivos de saúde deixe de asistir ao centro temporalmente, neste caso, estarán exentos de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comezo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota correspondente ao dito mes reducirase nun 50%. Nestes casos a solicitude de exención do pagamento, durante o período que corresponda, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o Servizo Municipal de Educación.
  - b) Nos supostos das solicitudes formuladas fóra de prazo previstos nesta Norma, o aboamento do prezo será desde o mes no que se lle concede a praza

#### **SÉTIMA.- Renda per capita mensual**

1. Para os efectos desta Norma, entenderase por renda per capita mensual o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma dos ingresos totais da unidade familiar.  
Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais e fillas/os menores de dezaoito anos ou fillas/os maiores de dezaoito anos con minusvalidez superior ao 33%. No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per capita a que se refire o parágrafo anterior incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.
2. Para os efectos desta Norma, ten a consideración de ingresos a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro do imposto sobre a renda das persoas físicas.  
Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases imponibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles aos datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

#### **OITAVA.- Solicitudes e documentación**

##### **A) SOLICITUDES**

As/os interesadas/os poderán solicitar unha praza a través dos modelos normalizados que serán facilitados no Servizo Municipal de Educación e nas Escolas Infantís Municipais Santa Cristina, Atalaia, Santa Marta e Costeira, e poderán tamén descargarse da páxina web municipal.

##### **1.- Solicitudes de renovación**

O alumnado que xa estivese matriculado nas escolas o curso anterior, cumpra os requisitos de idade especificados, e se atope ó día no pago das cotas, manterá o seu dereito á praza para o curso 2011-2012 na quenda no que estivera matriculado no curso 2010-2011.

O prazo de renovación e entrega de documentación establécese **do 14 de marzo ao 14 de abril de 2011.**

##### **2.- Solicitudes de novo ingreso**

As solicitudes conforme ao modelo normalizado, xunto coa documentación requirida presentaranse no Servizo municipal de Educación ou na Escola Infantil Municipal na que

solicita praza en primeira opción. No caso das solicitudes en 1ª opción para as escolas Tomás Alonso e Bouzas, presentárase no Servizo municipal de Educación. O prazo de presentación de solicitudes establécese **do 14 de marzo ao 14 de abril de 2011**.

### 3.- Listas provisionais

Unha vez realizada a baremación farase pública a relación provisional de admisións e lista de espera, coa puntuación obtida.

Estas listas expóranse no taboleiro de anuncios das escolas infantís o **día 31 de maio de 2011** e na web municipal. As correspondentes ás escolas Tomás Alonso e Bouzas poderán consultarse só na web municipal e no Servizo de Educación.

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas, no prazo de dez días desde a data de publicación da lista de admisións provisional.

### 4.- Listas definitivas

Unha vez comprobadas as posibles reclamacións, estas consideraranse resoltas coa publicación das listas definitivas nos lugares indicados en 8.A.3. a partir do **día 30 de xuño de 2011**.

### 5.- Formalización de matrícula

#### a) Renovación alumnado do curso 2010-2011

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **1 ao 15 de xullo de 2011**. Para confirmar a praza deberán obrigatoriamente formalizar o pago de matrícula establecida no prazo que se indica, ou caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

#### b) Novo alumnado Escolas existentes no curso 2010-2011:

O prazo para formalizar a matrícula comprenderá dende o **1 ao 15 de xullo de 2011**.

Durante este prazo as familias das nenas/nenos admitidos formalizarán a reserva de praza, na EIM onde obtivesen a praza, mediante o pago da matrícula correspondente, caso contrario perderá automaticamente o dereito á praza.

#### c) Alumnado das novas Escolas de Tomás Alonso e Bouzas: o prazo de formalización da matrícula será comunicado aos seleccionados unha vez se determine a data de comezo do curso.

## B) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

### 1.- Alumnado procedente do curso 2010-2011:

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presenta xunto coa solicitude de renovación a fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da Unidade Familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

Calquera outra documentación que acredite cambios na situación familiar anterior

### 2.- Alumnado de novo ingreso:

As solicitudes de novo ingreso terán que presentarse acompañadas da documentación seguinte:

- a) Unha fotocopia simple do documento nacional de identidade ou doutro documento acreditativo da identidade das/dos nais/pais ou representantes legais, segundo proceda.
- b) Unha fotocopia simple do libro de familia completo ou , no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar. Deberá acompañar á documentación que se achegue o orixinal no momento da solicitude.
- c) Xustificación de ingresos:

Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar Fotocopia da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.

Naqueles casos, en que por distintas razóns, non se poidan acreditar as rendas das/os nais/pais por falta de acreditación documental será preciso un informe dos servizos sociais.

d) **OUTROS DOCUMENTOS**, só para as familias que necesiten xustificar incidencias familiares, económicas e sociais **puntuables no baremo**:

- As responsabilidades familiares
- O certificado do recoñecemento do grao de minusvalidez da nai, pai, titora ou titor legal e/ou outros membros da unidade familiar.
- As enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- A xustificación de ocupación actualizada (últimas nóminas, certificación de empresa, vida laboral).
- A certificación de ser demandante de emprego (con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes), da nai, pai, titora ou titor legal.
- A condición de familia monoparental, entendida como a formada pola nai ou pai solteira/o que non manteñan relación de convivencia ou situacións de separación, divorcio ou viuvez (acreditada mediante fotocopia compulsada do libro de familia e certificado de convivencia con efectos desde o día anterior ao comezo do prazo de presentación de solicitudes).
- A ausencia do fogar familiar de ambos os dous membros parentais.
- O título de familia numerosa.

#### **NOVENA.- Tramitación**

O Servizo de Educación do Concello de Vigo, comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos recollidos nesta Norma. De non ser así, requirirase a/o interesada/o para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixese así, se terá por desistido da súa petición. O Servizo Municipal de Educación poderá reclamar en calquera momento todos aqueles datos, e a súa debida acreditación documental, que coiden precisos para a máis eficaz realización do seu cometido

#### **DÉCIMA.- Avaliación das solicitudes**

1. A selección das solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada segundo o baremo establecido no ANEXO I desta Norma, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per capita máis baixa.
2. Aplicaráselles a todas as solicitudes recibidas un procedemento de valoración. Con tal fin constituirase unha comisión de baremación e selección coa seguinte composición para cada Escola Infantil Municipal:
  - Presidencia: o xefe do servizo de Educación
  - Vogais: o/a director/a do centro, o/a representante das/os nais/pais das/os nenas/os no Consello Escolar do Centro do que se estean a baremar as solicitudes, e dous funcionarios/as do servizo municipal de Educación,

un/ha deles actuando de secretario/a, nomeados pola concelleira delegada de Educación.

Os acordos tomaranse por maioría simple, e resolverá, en caso de empate, a presidencia.

3. Unha vez baremadas as solicitudes, a comisión elevará a proposta de selección á concelleira de Educación que resolverá a lista provisoria de admitidos/as.

A relación provisoria de admitidas/os e lista de agarda, coa puntuación obtida, poderase consultar no Servizo Municipal de Educación, así como nas páxinas web municipal e nas respectivas Escolas Infantís Municipais. No caso das novas Escolas Tomás Alonso e Bouzas, poderán consultar só no Servizo municipal de Educación e páxina web municipal.

#### **UNDÉCIMA.- Reclamacións**

As/os solicitantes poderán efectuar as reclamacións que consideren oportunas no prazo dos dez días naturais posteriores á data da exposición pública da relación provisoria.

Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

#### **DUODÉCIMA.- Relación definitiva de adxudicatarias/os de praza.**

1. Unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisoria, a concelleira delegada de Educación aprobará a relación definitiva de admitidas/os e a lista de agarda coa puntuación obtida, así como a cota mensual que corresponda aboar en cada caso. Desta resolución dará conta á Xunta de Goberno Local seguinte.  
SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De Manuel Alonso Iglesias a Miguel A. Alonso Alonso	Agosto Setembro-2010	338,00
Parque Central	De Miguel Alonso Alonso a Bernardo Rodríguez Lestón	Setembro-2010	205,00
Parque Central (Limpieza)	De Benjamin Guisande Carrera a Manuel Quintas Pérez	Agosto-2010	172,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Eduardo Vázquez González	Setembro-2010	353,30

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Móbil (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Agosto-2010	24,00
Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a José Luis Vidal Alvarez	Setembro-2010	579,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Setembro-2010	65,00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Xaneiro-2011	294,00
OSPPIO	De Angel Ferro Macho a	Setembro-2010	180,00

	Ricardo Lobato Cameselle		
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Xaneiro-2011	29,00
Extinción Incendios	De Francisco J. Abreu Torres a Rubén Veiga García	Xaneiro-2011	112,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Setembro-2010	9,00
Policia Local (Xulgados)	De Jesús Iván Abalde Casanova a Francisco José Vila Campos	Xaneiro-2011	1.192,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Luis Alonso Moreira a Pablo Vila Campos	Xaneiro-2011	531,30
Vías e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Rodrigo Rodríguez Rocaha	Setembro-2010	379,00
Patrimonio Histórico	De Luciano Cuervo Coomonte	Setembro-2010	14,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Setembro-2010	160,00
Desinfección	De A. Avelino Pardellas Avión a José Ramón Seijas Álvarez	Setembro-2010	128,00
Conserxería	De José A. Fernández Alonso a Mª Teresa Vaqueiro Herbelo	Xullo, Agosto e Setembro-2010	110,30

O montante do presente expediente ascende a un total de 43.045'11€ (COARENTA E TRES MIL COARENTA E CINCO EUROS CON ONCE CÉNTIMOS).

**26(283).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL, CORRESPONDENTE Á OEP 2008. EXPTE. 21868/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 28.02.2011, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

“**Primeiro.-** Nomear funcionarios en prácticas, con cargo ás prazas vacantes de Intendente da Policía Local, aos aspirantes propostos polo órgano de selección designado para a provisión de 2 prazas de Intendente da Policía Local (subgrupo A1) correspondentes á Oferta de Emprego Público 2008, toda vez que se acredita segundo acta de data 28 de febreiro de 2011 a superación da totalidade das probas integrantes dos procesos selectivos executados, e que son:

*Don Francisco Martínez Muñoz..... 8'72 puntos.*  
*Don Alberto Carballo Acuña..... 8'22 puntos”*

**Segundo.-** Dispoñer que durante a realización do correspondente curso selectivo na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) os funcionarios/as nomeados percibirán como retribucións o importe do soldo inicial, agás que os nomeados xa viñesen desenvolvendo o cargo na Policía Local deste Concello, supostos no cal continuarán

percibindo as retribucións que teñan recoñecidas, nos termos da normativa reguladora do réxime retributivo dos funcionarios en prácticas.

**Terceiro.-** Os/as aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 20 días hábiles a contar dende a recepción do presente acordo, significándose que, de non facelo, serán declarados decaídos no seu dereito”.

**27(284).- PROXECTO DE DEMOLICIÓN DA VIVENDA Nº 195 NA RÚA MANUEL DE COMINGES. EXPTE.1871/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área de Servizos Xerais, do 3.03.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobación do Proxecto de "Demolición da vivenda sita no nº 195 da Rúa Manuel de Cominges", redactado pola Enxeñería Luis Vilar Montoro.

**28(285).- REAXUSTE DAS APORTACIÓNS DAS ACTUACIÓNS EN OBRAS DE REHABILITACIÓN, URBANIZACIÓN E DE REURBANIZACIÓN, DENTRO DA MEMORIA PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 443/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da oficina de Rehabilitación, do 25.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar reaxustadas as aportacións das actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento da Vivenda a Comunidade autónoma.

**SEGUNDO.-** Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas destes reaxustes e aprobación das apartacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

**29(286).- REAXUSTE DAS APORTACIÓNS DAS ACTUACIÓNS EN OBRAS DE REHABILITACIÓN, URBANIZACIÓN E DE REURBANIZACIÓN, DENTRO DA MEMORIA PROGRAMA DE REHABILITACIÓN DO CASCO VELLO DE VIGO. EXPTE. 444/431.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da oficina de Rehabilitación, do 25.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

**PRIMEIRO.-** Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar reaxustadas as aportacións das actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento da Vivenda a Comunidade autónoma.

**SEGUNDO.-** Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas destes reaxustes e aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

**30(287).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE CANALIZACIONES DE TELECOMUNICACIONES Y SANEAMIENTOS, S.L. EXPTE. 63110/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 22.02.2011, conformado pola concelleira delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de 814,00 € (oitocentos catorce euros), a favor de Canalizaciones de Telecomunicaciones y Saneamientos, S.L.

**31(288).- CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE, PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A INCORPORACIÓN DA XUVENTUDE ÁS NOVAS TECNOLOXÍAS DURANTE O ANO 2011. EXPTE. 3080/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude, do 22.02.2011, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

“1. Que se aprobe a proposta de subvencións da Concellería de Xuventude que se achega, dentro da recente **“Convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2011”** da **Consellería de Traballo e Benestar** da Xunta de Galicia, na orde do 29 de decembro de 2010, por importe total de **185.000€** do que se solicita unha subvención de **135.000€**

2. Que se faculte a **Dna. Iolanda Veloso Ríos**, como Concelleira Delegada da Área de Xuventude para representar o Concello de Vigo na presentación das presentes propostas de subvención.”

**32(289).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS POR ACOPIOS A ALDASA S.L.U. POLA EXECUCIÓN DO EQUIPAMENTO VIGOSÓNICO NO PARQUE TECNOLÓXICO DE VALADARES. EXPTE. 3086/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Xuventude, do 2.03.2011, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar a devolución do aval nº 1024/252686 por un importe total de 50.000,00 euros.”

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

**33(290).- ADXUDICACIÓN Á SOCIEDADE DE PREVENCIÓN FEMAP, S.L. A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXIANCIA DA SAUDE 2011-2014. EXPTE. 20247/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 28.02.2011, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro do 3.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

“Adxudicar á SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L LTM SERVICIOS BIBLIOTECARIOS, S.L. o procedemento aberto para a contratación DOS SERVIZOS DE VIXIANCIA DA SAUDE 2011-2014(EXPTE.20247-220) por un prezo total de 558.000 euros.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

**34(291).- PLAN DE SEGURIDADE E SAUDE DA EMPRESA ADXUDICATARIA SIEC S.L. NOMEAMENTO DE ARQUITECTO. EXPTE. 1759/213.**



Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta dos arquitectos municipais de Urbanismo, do 4.03.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Nomear ó Arquitecto Técnico Manuel Antonio Medraño Fariña Coordinador en materia de Seguridade e Saúde perante a execución da obra de divisións interiores no Parque de Bombeiros de Balaídos.

2.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde redactado pola empresa adxudicataria SIEC S.L. para a devandita obra.

**35(292).- PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE ACCESO A CAMIÑO TRANSVERSAL ROBLEDA. EXPTE. 8042/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 4.03.2011, conformado polo concelleiro da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto “ACONDICIONAMENTO DE ACCESO A CAMINO TRANSVERSAL ROBLEDA ”, realizado pola empresa Galaicontrol, elaborado por Doña Trinidad López Rodríguez

**36(293).- PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO EN ZONA VERDE NO ENTORNO DO CENTRO DE SAUDE DE TEIS. EXPTE. 8043/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 4.03.2011, conformado polo concelleiro da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto ““ACONDICIONAMENTO EN ZONA VERDE NO ENTORNO DO CENTRO DE SAUDE DE TEIS”, realizado pola empresa Galaicontrol, elaborado por Doña Trinidad López Rodríguez

**37(294).- PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA FONTE LAVADEIRO NA RUA BAIXADA DE RIOS 193. EXPTE. 8046/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 4.03.2011, conformado polo concelleiro da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto “**RESTAURACION DA FONTE LAVADEIRO NA RUA BAIXADA DE RIOS, 193**”, realizado pola empresa Enamcosa, elaborado por Doña Eva Maria Cayado Varela.

**38(295).- PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA FONTE LAVADEIRO NA RUA DOCTOR CORBAL 205 E DA FONTE DA SUBIDA O CEMITERIO DE TEIS. EXPTE. 8045/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 4.03.2011, conformado polo concelleiro da área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto “**RESTAURACION DA FONTE LAVADEIRO NA RUA DOCTOR CORBAL 205 E DA FONTE DA SUBIDA O CEMITERIO DE TEIS**”, realizado pola empresa Enamcosa, elaborado por Doña Eva Maria Cayado Varela.

**39(296).- BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL E MICROVIDEOS “OS DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA” CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO DIA INTERNACIONAL DA MULLER. EXPTE. 4863/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 24.02.2011, conformado pola concelleira de Igualdade, co informe do letrado asesor do 1.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 4.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases e a convocatoria do “Concurso de fotografía dixital e microvídeos “Os dereitos das mulleres. A revolución creativa” co gallo da celebración do Día Internacional da muller que de seguido se indican

#### **BASES**

**CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL E MICROVÍDEOS: “Os dereitos das mulleres. A revolución creativa” Día Internacional da Muller 2011**

**“OS DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA ”**

#### **PREÁMBULO:**

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, O Consello Municipal da Muller e maila Concellería de Igualdade do Concello de Vigo convocan o concurso de FOTOGRAFÍA DIXITAL e MICROVÍDEOS “ **Os dereitos das Mulleres. A revolución Creativa**”.

Este concurso, convócase co fin de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como para servir de canle para amosar as achegas que ao longo da historia fixeron e fan as mulleres ben de xeito individual ou colectiva.

A Concellería de Igualdade poderá utilizar as obras presentadas como parte de futuras exposicións públicas, con indicación da súa autoría.

#### **Primeira.-OBXECTO**

O concurso abrangue dúas modalidades:

**1) Fotografía dixital.**

**1) Microvídeo( non superior aos 3 minutos de duración).**

Ambas as dúas obras versarán sobre os dereitos das mulleres, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres , amosar as achegas que ao longo da historia fixeron e fan as mulleres, ben de xeito individual ou colectiva, ou sobre o papel que desenvolven as mulleres tanto no ámbito público coma no privado. Ademais, as obras poderán facer fincapé, por exemplo, nos cambios sociais que as propias mulleres propiciaron e lideraron ao longo da nosa historia máis recente.

A modo de exemplo e sen que teña carácter excluínente, as obras presentadas poderán tratar algunha das seguintes :

- Recuperación das achegas das mulleres á sociedade.
- Conciliación e distintos usos dos tempos.
- A corresponsabilidade doméstica.
- O-empoderamento.
- Emprego, saúde, cultura, educación,.....

#### **Segunda.- OBRIGAS E REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES**

A) Trátase dunha convocatoria libre na que poderán participar todas aquelas persoas físicas ou xurídicas

maiores de 16 anos(as/os menores de idade, no caso de seren gañadoras/es, deberán achegar autorización materna/paterna para recibir o premio).

B) Cada persoa participante, só poderá presentarse ao concurso nunha das dúas modalidades, coa presentación dunha única obra.

C) Unha vez emitida a decisión do xurado, as persoas que sexan propostas para a obtención dalgún dos premios desta convocatoria deberán acreditar que reúnen os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiarias de subvencións das previstas no dito artigo para o que se lles esixirá ás/aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10. Asemade, deberán acreditar que se achegan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. (*apartado 3 do ANEXO I*).

D) Serán obrigas da persoa beneficiaria as previstas nestas bases e convocatoria e as sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

E) As persoas participantes serán as únicas responsables fronte ao Concello de Vigo e fronte a terceiras persoas do cumprimento destas bases e dos contidos dos seus traballos en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios segundo as leis vixentes. Cada persoa participante, polo mero feito de participar no concurso, acepta todas e cada unha das súas bases. O Concello de Vigo queda eximido de toda a responsabilidade ante calquera reclamación que se lle puidese presentar.

### **Terceira.-ADMISIÓN**

Cada participante poderá presentar **unha única obra**, nunha das dúas modalidades. As obras que se presenten no concurso **deberán estar en lingua galega**.

Se a Concellería de Igualdade detectase duplicidade nas inscricións ou nas obras, porase en contacto coa persoa inscrita para darlle a opción a elixir a obra que quere presentar ou a modalidade na que quere concursar, rexeitando o resto das opcións que non serán obxecto de valoración polo xurado.

As obras presentadas deberán ser orixinais e inéditas; non poderán ter sido exhibidas por ningún medio, incluíndo internet, nin ter participado en festivais, certames ou outro tipo de eventos; Así mesmo tampouco puideron ser presentadas con anterioridade noutros concursos segundo a lexislación vixente (Real decreto lexislativo 1/96, do 12 de abril da Lei da propiedade intelectual). Certificarase este extremo coa achega do **ANEXO I** debidamente cuberto e asinado.

### **Cuarta.-TÉCNICAS E DIMENSIÓNS DAS OBRAS**

**4.A ) As fotografías dixitais presentadas ao concurso** deberán reunir os seguintes requisitos técnicos:

–Estar en formato jpg, tiff, png ou jpeg.

–Ter suficiente calidade para ser manipuladas, cunha resolución recomendable que poderá oscilar entre 150 a 300 píxeles de calidade, para facilitar a súa posterior manipulación así como a súa impresión en formato 30cm x 40 cm.

- Para ser admitidas ao concurso, as fotografías dixitais deberán cumprir as condicións técnicas, artísticas e/ou legais que exige a organización, reservándose o dereito a rexeitar as fotografías que non ofrezan as condicións técnicas mínimas. Aquelas que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aquelas que polo seu contido sexan ofensivas, sexistas ou cuestionables por razóns éticas ou legais.

–As fotografías dixitais presentaranse unicamente a través do espazo web da Concellería de Igualdade [www.igualdadevigo.org/concursofotografia](http://www.igualdadevigo.org/concursofotografia).

**4.B ) Os microvídeos presentados ao concurso** deberán reunir os seguintes requisitos técnicos:

- Unha duración non superior a 3 minutos ( incluíndo a cabeceira co título).
- O formato de presentación será exclusivamente en liña, o tamaño máximo do arquivo de vídeo será de 100 Mb e soportaranse a maioría de formatos dixitais: avi, mpg, flv, wmv, vob, mp4, mov e os de alta definición: mkv, ts e m2ts,etc.
- Para ser admitidos ao concurso, os vídeos deberán cumprir as condicións técnicas, artísticas e/ou legais que exige a organización. Esta resérvase o dereito a rexeitar os vídeos que non ofrezan as condicións técnicas mínimas para a súa proxección. Aqueles que non cumpran as condicións fixadas nas bases ou aqueles que polo seu contido sexan ofensivos, sexistas ou cuestionables por razóns éticas ou legais.
- Os microvídeo subirase únicamente a través do espazo web da Concellería de Igualdade [www.igualdadevigo.org/concursovideos](http://www.igualdadevigo.org/concursovideos).

**Quinta.- LOGOTIPO e LEMA**

As obras orixinais deberán incluír, no lugar e forma que elixa a autor ou autor, os seguintes textos :

- Día Internacional da Muller. Vigo
- Título: .....( para *decidir pola autora ou autor da obra*).

Na modalidade de microvídeos, a autora ou o autor deberá engadir os logotipos da Concellería de Igualdade e do Consello Municipal da Muller, dispoñibles na Web: [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

A Concellería de Igualdade resérvase a facultade de modificar ou substituír os textos indicados e os logotipos que aparezan nas obras orixinais, así como de variar as súas localizacións na composición definitiva das obras e nas posteriores exposicións públicas destas.

**Sexta.- PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS**

O sistema de inscrición e presentación das obras realizarase unicamente a través da web da Concellería de Igualdade [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org), a través dos dous espazos creados na citada web para este concurso: [www.igualdadevigo.org/concursofotografia](http://www.igualdadevigo.org/concursofotografia)

[www.igualdadevigo.org/concursovideos](http://www.igualdadevigo.org/concursovideos)

As persoas que se presenten ao concurso deberán cubrir un formulario de inscrición ao que poderán acceder desde o espazo web anteriormente citado. A/O participante garante a veracidade dos datos que achegue na citada ficha de inscrición.

Para que a inscrición sexa válida, cada participante deberá cubrir os campos designados como obrigatorios do formulario, e deberá de aceptar de forma expresa as bases fixadas pola organización.

Se no traballo figurase a imaxe dalgunha persoa en primeiro plano ou recoñecible, achegarase tamén autorización asinada para incluír a dita imaxe na fotografía dixital ou no microvídeo, e a súa posterior edición e no seu caso, acreditación de posuír os dereitos de autoría ou a cesión de dereitos de imaxe desta.

**Sétima.- PUBLICIDADE e PRAZO DE PRESENTACIÓN**

As presentes bases difundiranse a través dos medios de comunicación local e estarán a disposición das persoas interesadas na propia Concellería de Igualdade e na web municipal: [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org) , unha vez aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

O prazo da admisión das obras comeza o día **07 de marzo de 2011, e finaliza o día 31 de marzo de 2011.**

Non serán admitidas as obras que se reciban con posterioridade á data indicada, calquera que sexa a causa do atraso.

#### **Oitava.- PREMIOS**

Outorgarase un premio e un accésit, por cada unha das dúas modalidades que regulan estas bases.

Do total de microvídeos e das fotografías dixitais subidas aos espazos web indicados nestas bases, o xurado decidirá o microvídeo gañador e a fotografía dixital gañadora do primeiro premio, así como a concesión de dous accésit, de ser o caso.

Primeiro premio: os premios tanto para o microvídeo gañador, como para a fotografía gañadora, consisten na entrega dun bono, por importe de **500 € (cincocentos euros)**, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

Accésit: a organización poderá outorgar **un accésit** para cada unha das dúas modalidades, en función da calidade das obras presentadas.

Os accésit consistirán nun bono por importe de **250 € (douscentos cincuenta euros)** cada ún, para a adquisición de material e/ou dispositivos de informática, imaxe e/ou son, para trocar nos establecementos comerciais indicados pola organización.

Os premios poderán ser declarados desertos se o xurado estima que ningún dos traballos presentados reúne as condicións e a calidade necesaria. Ademais, o xurado poderá acordar outorgar accésit a dúas obras da mesma modalidade, considerase que a calidade das obras dunha modalidade do concurso, é superior á calidade das obras presentadas noutra modalidade.

A organización resérvase o dereito de revogación dos premios concedidos, se en calquera momento posterior á súa concesión, tivese coñecemento de que a autora ou autor da obra non cumpriše algunha das condicións das bases do concurso. Neste suposto o premio outorgaríase a outra das obras presentadas ou declararíase deserto, de ser o caso.

#### **Novena.- PROPIEDAD E DESTINO DAS OBRAS PRESENTADAS AO CONCURSO.**

Co envío do formulario *online* cuberto, a persoa que participa neste concurso manifesta e garante que é a única autora ou autor da fotografía dixital ou do microvídeo presentado, e que a persoa inscrita é a titular de tódolos dereitos de autoría sobre a obra que presenta ao concurso. Asemade, será responsabilidade da/o participante recabar a autorización das persoas que poidan aparecer na fotografía ou no vídeo, para a efectiva actividade que se convoca, polo que a autora ou o autor asumirá toda posible reclamación por dereitos de imaxe.

A/O participante será a/o única/o responsable legal ante calquera controversia que poida xurdir por incumprimento da lei con respecto aos dereitos de autoría polo uso de imaxes, músicas ou audios preexistentes.

Co fin de poder levar a cabo cantas accións de difusión considere necesarias a organización, todas as persoas participantes cederanlle á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, de forma exclusiva e con carácter gratuíto, os dereitos de comunicación pública dos traballos presentados ao concurso.

Os orixinais das obras, quedarán en propiedade da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, que se reserva o dereito de explotación do traballo, proxección, produción, distribución, exposición, transformación ou calquera outro tratamento posterior para conmemorar o *Día Internacional das*

*Mulleres* no ano 2011 ou en anos posteriores, con mención das súa autoras ou os seus autores. Para tal fin os/as concursantes presentarán xunto coa obra a debida autorización, polo que deberán cubrir e asinar o

### **Anexo I.**

O Concello de Vigo resérvase o dereito de organizar exposicións públicas con todos ou parte das obras presentadas ao concurso, en local, datas e horas que se determinarán, así como estar accesibles ao público na web municipal [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org) . A Concellería de Igualdade será a encargada de seleccionar as obras que se incluírán nas futuras exposicións.

### **Décima.- XURADO**

O xurado estará formado por :

**PRESIDENTA:** A Concelleira de Igualdade, dona Iolanda Veloso Ríos, ou persoa na que delegue.

**VOGAIS:** Catro membras da comisión de traballo organizadora dos preparativos dos actos polo Día Internacional da Muller, creada no seo do Consello Municipal da Muller.

**SECRETARÍA:** A xefa do Servizo de Igualdade, dona Cristina Gómez García, con voz e sen voto.

En caso de empate resolverá o voto de calidade da presidenta do xurado.

A concelleira de Igualdade queda facultada para resolver as eventualidades que poidan xurdir e que non estean previstas nestas bases.

Como criterios para elixir o cartel gañador teranse en conta por unha banda a calidade artística da obra e a súa orixinalidade, e tamén por outra banda a súa eficacia como elemento para transmitir valores de xénero e de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres .

### **Décimo primeira.- PROCEDEMENTO**

O procedemento para a concesión do premio será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

O expediente de concesión do premio conterá un informe do órgano instructor no que constará que da información que a Concellería de Igualdade ten no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren con tódolos requisitos para acceder aos premios.

### **Décimo segunda.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCION**

3.A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento relativo ao concurso de fotografía e microvídeos polo Día Internacional Das Mulleres “ *Os dereitos das mulleres. A revolución creativa* ” , así como a Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder o premio por proposta do xurado.

2. A concesión dos premios notificaráselles ás persoas que se presenten a este, no prazo de dez días a partir da data de concesión, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A resolución da Xunta de Goberno Local sobre a concesión do premio esgota a vía administrativa. Contra esta poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes que contará dende o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous

meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo terceira.- OUTORGAMENTO DO PREMIO**

O outorgamento do premio tramitarase a partir dun mes contado dende o día seguinte á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local de non existir recurso ningún. E de existir recurso, tras seren cumpridos os prazos legais para a súa resolución.

#### **Décimo cuarta.- TRATAMENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Os datos das persoas que se presenten ao premio, agás no relativo a este, serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; será responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

As persoas beneficiarias dos presentes premios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

#### **Décimo quinta.- NORMATIVA APLICABLE.**

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que se rexerán pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**2º.- Autorizar o gasto máximo de 1.500,00 € para facer fronte á dotación máxima dos premios establecidos nas bases do concurso, con cargo á partida “plan municipal de igualdade” 2311 2279906 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da concellería de igualdade”**

#### **ANEXO I: MODALIDADE FOTOGRAFÍA DIXITAL**

#### **CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E MICRO VIDEOS POLO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES,**

#### **“ OS DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA ”**

“**Dona/Don** \_\_\_\_\_ co DNI núm....., e  
idade.....  
endereço.....  
Cos \_\_\_\_\_ teléfonos \_\_\_\_\_ de  
contacto : .....

1º Declaro que a obra presentada é inédita e orixinal e non se presentou noutros concursos ou campañas e que non supón nin contén, en todo ou en parte, copia ou plaxio de obras publicadas propias ou de outros/as artistas.



2º Cedo en exclusiva e irrevogablemente, o dereito de impresión ou reprodución ou proxección total ou parcialmente, en calquera modalidade, tamaño ou soporte, así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que consinto á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para que poida facer as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.

3º Reúno os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estou incurso/o nas prohibicións para ser beneficiaria/o de subvencións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4º No caso de ser gañadora ou gañador do premio cedo gratuitamente e por tempo indefinido a propiedade da obra gañadora á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a que se reserva todos os dereitos sobre a mesma incluído o de reprodución.

5º Na fotografía ou no microvídeo que presento

Non figura ningunha imaxe de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s.

Figura algunha/s imaxe/s de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s e por tal motivo achego en documento adxunto autorización asinada para incluír a imaxe da/s persoa/s no cartel e na súa posterior edición e, no seu caso, acreditación de posuír os dereitos de autora ou autor ou a cesión de dereitos de imaxe desta.

6º Con esta obra pretendo transmitir:.....

.....

(lugar) ..... de ..... de 2011

#### **NO CASO DE SER MENOR DE IDADE**

Eu,..... (nome e apelidos), co DNI núm..... declaro baixo a miña responsabilidade que, en calidade de nai, pai, titor/titora e ao ser coñecedor/a das bases, autorizo a ..... autora/autor da obra presentada ao concurso de fotografía e micro vídeos polo día internacional das mulleres, “ *OS DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA* ” convocado pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a participar no devandito concurso.

(lugar)..... de ..... 2011

#### **ANEXO I: MODALIDADE MICROVÍDEOS**

#### **CONCURSO DE FOTOGRAFÍA E MICRO VIDEOS POLO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES,**

#### **“ OS DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA ”**

“**Dona/Don** \_\_\_\_\_ co DNI núm....., idade..... e enderezo..... Cos \_\_\_\_\_ teléfonos \_\_\_\_\_ de contacto : .....

1º Declaro que a obra presentada é inédita e orixinal e non se presentou noutros concursos ou campañas e que non supón nin contén, en todo ou en parte, copia ou plaxio de obras publicadas propias ou de outros/as artistas.

2º Cedo en exclusiva e irrevogablemente, o dereito de impresión ou reprodución ou proxección total ou parcialmente, en calquera modalidade, tamaño ou soporte, así como a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que consinto á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo para que poida facer as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.

3º Reúno os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estou incursa/o nas prohibicións para ser beneficiaria/o de subvencións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4º No caso de ser gañadora ou gañador do premio cedo gratuitamente e por tempo indefinido a propiedade da obra gañadora á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a que se reserva todos os dereitos sobre a mesma incluído o de reprodución.

5º Na fotografía ou no microvídeo que presento

Non figura ningunha imaxe de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s.

Figura algunha/s imaxe/s de persoa/s en primeiro plano ou recoñecible/s e por tal motivo achego en documento adxunto autorización asinada para incluír a imaxe da/s persoa/s no cartel e na súa posterior edición e, no seu caso, acreditación de posuír os dereitos de autora ou autor ou a cesión de dereitos de imaxe desta.

6º Con esta obra pretendo transmitir:.....

.....

(lugar) ..... de ..... de 2011

#### **NO CASO DE SER MENOR DE IDADE**

Eu,..... (nome e apelidos), co DNI núm..... declaro baixo a miña responsabilidade que, en calidade de nai, pai, titor/titora e ao ser coñecedor/a das bases, autorizo a ..... autora/autor da obra presentada ao concurso de fotografía e micro videos polo día internacional das mulleres, “ *OS DEREITOS DAS MULLERES. A REVOLUCIÓN CREATIVA* ” convocado pola Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, a participar no devandito concurso.

(lugar)..... de ..... 2011

**40(297).- NOMEAMENTO DE CATRO FUNCIONARIAS INTERINAS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, COMO AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL POR UN PERIODO MÁXIMO DE 6 MESES. EXPTE. 21873/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 7.03.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 4.03.3011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Asesoría Xurídica, Benestar Social e Extinción de Incendios contidas nos escritos de datas 14 de setembro, 21 de outubro, 22 de decembro de 2010 e, 20 de febreiro de 2011.

Segundo.- Nomear funcionarias interinas por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D<sup>a</sup>. CAYETANA ALEJANDRA MARTINEZ PARDO, D.N.I. 53.183.075-Z, D<sup>a</sup>. JESSICA DOMÍNGUEZ BORINES, D.N.I. 36.121.672-B, 44-D<sup>a</sup>. RENA SOUTO PÉREZ, DNI 34.270.743-F e D<sup>a</sup>. PATRICIA ALMEIDA FERNÁNDEZ, DNI 36.138.807-B, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 42.990,36€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.”

**41(298).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.15 h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.